

Artigo publicado no Sermos Galiza, 28/5/2015.

Mario Regueira

A maxia do cotián

A República das Palavras

Séchu Sende

Através Editora, 2015, 150 páxinas, 13 euros

Séchu Sende acadou un éxito sen precedentes no ano 2007 co libro *Made in Galiza*. O volume de relatos era a súa segunda incursión editorial na narrativa, pero ao mesmo tempo afastábase moito do seu debut, *Orixo*, coa que gañara o Premio Blanco Amor de Novela Longa no ano 2003, e antes da que era considerado fundamentalmente un poeta da xeración dos noventa. Tras a revelación que supuxo *Orixo*, *Made in Galiza* acollía narracións curtas cunha temática por veces anecdótica e pouco transcendente que apuntaban porén a unha fondo moi claro: a realidade lingüística da Galiza. A súa sinxeleza e didactismo contribuíron sen dúbida a que fose un fito editorial, un fito no que xa se percibía, mesmo desde as páxinas do libro, a tensión dun Séchu Sende voltado cara ao reintegracionismo coa editora Galaxia e a súa política de aceptar unicamente o galego ILG-RAG. Dende entón, Séchu foi ficando por esas marxes, non abandonou a narrativa curta nin o reintegracionismo, apostando por xéneros diverxentes e afastados do convencional. Boa proba diso foi a súa incursión nos libros ilustrados, a miúdo acompañados de pequenas narracións e poemas, ou o emblemático *Viagem ao Curdistám para apanhar estrelas*, caderno de bitácora do seu periplo polo país asiático.

A República das Palavras é unha digna continuadora do que foi *Made in Galiza*. Novamente atoparemos a problemática lingüística galega explicada dunha forma entretida, a través de anécdotas e episodios cunha grande simboloxía. Porén este novo libro é moito máis, comezando polo formato escollido. Podemos dicir que estamos ante un libro de pequenos relatos cun fondo ton poético, ao que se lle unen algúns poemas que recollen parte do legado reivindicativo e que, a

mesmo coas súas estruturas repetitivas, non deixan de ter tamén un espírito narrativo que trata de contarnos unha historia de forma clara.

Da mesma forma, neste libro afloran parte das outras teimas que Séchu Sende ten amosado nos últimos tempos. A importancia de conservar o medio (e dentro deste especialmente os animais), a loita por manter a memoria e a identidade nun mundo en transformación ou a problemática de acadar a xustiza social nun mundo diverso acompañan a cuestión lingüística, que desta vez atopa en Através Editora unha casa acolledora na que volver a outro dos temas do autor: o reintegracionismo. Todos estes elementos, pouco sorprendentes para quen coñeza outras obras de Séchu Sende, deixan oco tamén a pequenos relatos cunha intención máis literaria e que non dubidan en xogar en ocasións co macabro e cos nervios das persoas lectoras.

O autor tamén pon en cuestión neste conxunto as fronteiras da propia narración. Non só pola aparición de poemas, senón pola inclusión de textos declaradamente propagandísticos, cartas e outras anécdotas persoais que sobordan o que tradicionalmente se viña entendendo como narración. De feito, moitos destes textos (aproximadamente a metade, segundo as informacións da editora) teñen sido partillados polo autor noutros medios, especialmente nas redes sociais.

Temos, por tanto, un libro ben acaído editorialmente para o verán que se achega. Cunha unidade como obra moi aberta, a medio camiño entre o conto e a historia que se comenta nun momento de lecer, e con certas características virais das cousas que se contan nunha rede social. A todo isto cabe sumar a mestría de Séchu á hora de crear tensións, desenvolver novelos e reparar nesa maxia do cotián que brilla por riba das cousas grises da realidade. Tanto por esas características como polo formato desta república liberada das palabras, non podemos deixar de irmandala en cada páxina con algúns dos libros de Eduardo Galeano, se cadra porque con eles comparte esa forma de ir marcando os pasos da utopía contando as cousas tal e como se contan na rúa, e liberando, ao mesmo tempo, todo o seu potencial de marabilla e fascinación.

Todo isto non é pouco, e non dubidamos que Séchu Sende conquistará de novo grupos de lectores improbábeis na lingua e mesmo na norma ortográfica que fixo súa. Aínda así, e cos ollos

aínda cheos desa maxia, algúns irredutíbeis non deixamos de agardar polo día no que nos ofreza,
ademais, unha novela longa da calidade daquela *Orixe*.